

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0148	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	M. ANTONIA PEREZ IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo contribúe a alcanzar

Os obxectivos xerais:

- p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter unha cultura de actualización e innovación.
- q) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa
- t) Identificar as oportunidades que ofrece a realidade socioeconómica da zona, e analizar as posibilidades de éxito propias e alleas, para manter un espírito emprendedor ao longo da vida

As competencias profesionais, persoais e sociais:

- ñ) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- o) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- q) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

establecidos no Decreto 129/2011, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en elaboración de produtos alimentarios.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas da industria alimentaria, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
 - Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector da industria alimentaria.
 - Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
 - A realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade da industria alimentaria composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.
- O plan de empresa incluírá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.
- O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

--

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					14800			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	A iniciativa emprendedora e a empresa	Valórase a iniciativa empresarial como fonte de creación de emprego e benestar social. Analizaremos o concepto de empresario e habilidades emprendedoras e se definirá unha idea de negocio como punto de partida para a elaboración do plan de empresa	7	15	X			
2	Deseño do modelo de negocio	Descríbimos e analizamos os elementos do entorno xeral e específico da empresa e a súa localización	24	40		X		
3	Formas xurídicas e constitución da empresa	Analizamos as distintas formas xurídicas da empresa e o seu proceso de posta en marcha	6	10			X	
4	Inversión, financiación e administración da empresa	Estudamos as necesidades de financiamento e posibles fontes. Realizamos a análise contable, financeiro e administrativo da empresa	16	35				X
Total:			53					

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora e a empresa	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Analizar e valorar o concepto de cultura emprendedora no ámbito da empresa	1	Emprendedores, empresa e innovación	3,0
1.1 Analizar o concepto de emprendedor empresarial e as súas características definitorias			
2.1 Formular e comunicar a idea de negocio como punto de partida para o plan de empresa	2	A idea emprendedora	4,0
TOTAL			7

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	• LC.1 - Tarefas de clase	N	3
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	• LC.2 - Tarefas de clase	N	5
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.	• LC.3 - Tarefas de clase	N	5
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da industria alimentaria.	• PE.1 - Tarefas de clase	S	25
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	• LC.4 - plan de empresa	N	5
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	• LC.5 - plan de empresa	N	5
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da elaboración de produtos alimentarios, que servirá de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.	• TO.1 - Rúbrica plan de empresa	S	50
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	• LC.6 - plan de empresa	N	2
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de elaboración de produtos alimentarios (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</p> <p>A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</p> <p>Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</p> <p>A actuación das persoas emprendedoras no sector da industria alimentaria.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</p> <p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da elaboración de produtos alimentarios.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Emprendedores, empresa e innovación - Identificar e diferenciar os conceptos de emprendedor e empresario. Coñecer e valorar as características do emprendedor empresarial	<ul style="list-style-type: none"> Presenta ao alumnado o material, os recursos a empregar e os contidos mais relevantes Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información Realiza as tarefas propostas Elabora o plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Solución aos casos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Tarefas de clase LC.2 - Tarefas de clase LC.3 - Tarefas de clase LC.4 - plan de empresa PE.1 - Tarefas de clase 	3,0
A idea emprendedora - Definir unha idea de negocio como punto de partida para a elaboración do plan de empresa	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a empregar 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa: elección da idea de negocio 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - plan de empresa 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> Orienta ao alumnado na avaliación e selección da idea de negocio 	<ul style="list-style-type: none"> Selecciona de maneira grupal ou individual a idea de negocio para o desenvolvemento do proxecto 		aula virtual, medios audiovisuais)	<ul style="list-style-type: none"> LC.6 - plan de empresa TO.1 - Rúbrica plan de empresa 	
TOTAL						7,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Deseño do modelo de negocio	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir a idea de negocio e identificar a localización	1	Idea de negocio e localización	3,0
2.1 Coñecer os factores da contorna xeral que afectan á empresa e determinar os posibles efectos	2	A contorna da empresa	7,0
2.2 Coñecer os factores da contorna específica que afectan á empresa e determinar os posibles efectos			
2.3 Argumentar a localización da empresa e tamaño das instalacións			
2.4 Analizar a responsabilidade social da empresa e determinar accións a levar a cabo			
	3	Organización produtiva	7,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.1 Describir as actividades e procesos básicos nunha empresa do sector			
3.2 Identificar os criterios para levar a cabo a selección de provedores			
3.3 Definir e clasificar os costes da empresa			
3.4 Aplicar estes coñecementos ao propio plan de empresa			
4.1 Identificar y determinar os elementos dun estudo de mercado			
4.2 Coñecer as estratexias do marketing operativo	4	O plan de marketing	7,0
4.3 Elaborar un plan de marketing para o plan de empresa			
TOTAL			24

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	• LC.1 - Tarefas de clase	N	2
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	• PE.1 - Supostos prácticos	N	4
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	• PE.2 - Exame contorna da empresa	S	10
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	• LC.2 - Tarefas de clase	N	2
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios en función da súa posible localización.	• PE.3 - Exame contorna da empresa	S	10
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	• PE.4 - Supostos prácticos	N	6
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	• LC.3 - Tarefas de clase	N	1

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.8 Identifícanse, en empresas elaboradoras de produtos alimentarios, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	• PE.5 - Supostos prácticos	N	5
CA2.9 Defínense os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	• PE.6 - Casos prácticos	S	10
CA2.10 Analízanse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	• PE.7 - Exame cultura e imaxe empresarial	N	5
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.	• PE.8 - Exame organización da empresa	N	5
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			0
CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio e a localización	• TO.1 - Rúbrica plan de empresa	S	10
CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa un plan de marketing	• TO.2 - Rúbrica plan de empresa	S	10
CA2.12.3 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios	• TO.3 - Rúbrica plan de empresa	S	10
CA2.12.4 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a responsabilidade social	• TO.4 - Rúbrica plan de empresa	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Idea de negocio e localización - Concretamos a idea de negocio e definimos e argumentamos a súa localización	<ul style="list-style-type: none"> Presenta os recursos a utilizar e expón os factores relevantes na localización da empresa Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información Concreta e argumenta a idea de negocio e a súa localización 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa: concreción da idea de negocio e localización 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Rúbrica plan de empresa 	3,0
A contorna da empresa - Delimitamos os elementos da contorna xeral e específica da empresa e a súa influencia na mesma	<ul style="list-style-type: none"> Proporciona a información e os recursos a utilizar polo alumnado Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Procesa e recibe información mediante a resolución de supostos prácticos Elabora o plan de empresa concretando o entorno xeral e específico Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Solución de casos prácticos Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Tarefas de clase LC.2 - Tarefas de clase LC.3 - Tarefas de clase PE.1 - Supostos prácticos PE.2 - Exame contorna da empresa PE.3 - Exame contorna da empresa PE.4 - Supostos prácticos PE.5 - Supostos prácticos PE.6 - Casos prácticos 	7,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Rúbrica plan de empresa 	
Organización produtiva - Coñecer e poñer en práctica un plan de produción	<ul style="list-style-type: none"> Expón a información e os recursos a empregar Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información Redacta o plan de empresa concretando o proceso produtivo Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Exame organización da empresa TO.3 - Rúbrica plan de empresa 	7,0
O plan de marketing - Plantexamos o estudo de mercado e definimos os compoñentes do marketing nunha empresa	<ul style="list-style-type: none"> Expón a información e os recursos a empregar Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe procesa información Concreta as accións de marketing no plan de empresa Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Exame cultura e imaxe empresarial TO.2 - Rúbrica plan de empresa 	7,0
TOTAL						24,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formas xurídicas e constitución da empresa	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar as distintas formas xurídicas para a constitución dunha empresa	1	Formas xurídicas	4,0
2.1 Coñecer os trámites precisos para a constitución da empresa en función da forma xurídica elixida	2	Trámites de constitución	2,0
TOTAL			6

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.	• PE.1 - Supostos prácticos	N	2
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.			0
CA3.2.1 Identifícanse e analizáronse as formas xurídicas da empresa	• PE.2 - Exame formas xurídicas	S	30
CA3.2.2 Determináronse vantaxes e desvantaxes das diferentes formas xurídicas segundo a idea de negocio	• PE.3 - Supostos prácticos	S	15
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da industria alimentaria.	• LC.1 - Tarefas de clase	N	1
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.	• PE.4 - Exame formas xurídicas	S	5
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.	• PE.5 - Exame formas xurídicas	S	5
CA3.6 Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.	• PE.6 - Supostos prácticos	S	10
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.	• LC.2 - Tarefas de clase	N	1
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas elaboradoras de produtos alimentarios tendo en conta a súa localización.	• LC.3 - Tarefas de clase	N	1
CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.	• TO.1 - Rúbrica plan de empresa	S	30

TOTAL
100
4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresariado. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa elaboradora de produtos alimentarios. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Formas xurídicas - Identificar e analizar as distintas formas xurídicas da empresa	<ul style="list-style-type: none"> Expón os contidos e os recursos a utilizar Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información mediante a resolución de supostos prácticos Selecciona a forma xurídica máis axeitada para o plan de 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Solución de casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Tarefas de clase PE.1 - Supostos prácticos 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> Elabora os casos prácticos e a proba escrita 	empresa <ul style="list-style-type: none"> Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 		<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Exame formas xurídicas PE.3 - Supostos prácticos PE.4 - Exame formas xurídicas PE.5 - Exame formas xurídicas 	
Trámites de constitución - Identificaremos os trámites esixidos pola lexislación vixente para a constitución e posta en marcha da empresa	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a empregar Guía ao alumando na elaboración do plan de empresa Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información mediante a resolución de supostos prácticos Identifica no plan de empresa os trámites para a creación e posta en marcha da forma xurídica elixida e posibles axudas públicas Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Solución aos casos propostos Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Tarefas de clase LC.3 - Tarefas de clase PE.6 - Supostos prácticos TO.1 - Rúbrica plan de empresa 	2,0
TOTAL						6,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Inversión, financiación e administración da empresa	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as necesidades de investimento	1	Viabilidade financeira	9,0
1.2 Diferenciar e analizar as fontes de financiación da empresa			
1.3 Determinar e analizar as contas anuais			
2.1 Determinar os principais impostos que afectan ás empresas	2	Obrigas fiscais da empresa	3,0
3.1 Coñecer e formalizar os distintos documentos administrativos da empresa asociados as operacións de compra-venta	3	Xestión administrativa	4,0
3.2 Coñecer e formalizar os distintos documentos administrativos da empresa asociados as operacións de cobro-pago			
TOTAL			16

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.			0
CA4.1.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos e gastos	• PE.1 - Supostos prácticos	S	10
CA4.1.2 Determináronse e analizáronse as contas anuais da empresa	• PE.2 - Exame contas anuais	S	20
CA4.2 Descríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.	• PE.3 - Casos prácticos	S	15
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc	• LC.1 - Tarefa de clase mapa mental obrigas fiscais da empresa	N	5
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa e	• PE.4 - Casos prácticos	S	20
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.	• TO.1 - Rúbrica plan de empresa	S	30

TOTAL
100
4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da industria alimentaria.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Viabilidade financeira - Determinación das necesidades de inversión da empresa e os principais instrumentos de financiación	<ul style="list-style-type: none"> Expón os contidos e presenta os recursos a empregar Guía ao alumnado na elaboración do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe e procesa información mediante a resolución de supostos prácticos Analiza as necesidades de inversión e posibilidades de 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Solución aos casos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Supostos prácticos PE.2 - Exame contas anuais 	9,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora a proba escrita 	financiación no seu plan de empresa <ul style="list-style-type: none"> • Resolve a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita 		<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Casos prácticos • TO.1 - Rúbrica plan de empresa 	
Obrigas fiscais da empresa - Análise das obrigas da empresa en materia fiscal	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta o material e os recursos a empregar • Guía ao alumnado na confección do mapa mental 	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe e procesa información • Identifica as obrigas fiscais dunha empresa mediante a elaboración dun mapa mental 	<ul style="list-style-type: none"> • Mapa mental obrigas fiscais da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> • Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Tarefa de clase mapa mental obrigas fiscais da empresa 	3,0
Xestión administrativa - Identificación e diferenciación dos principais documentos administrativos das empresas	<ul style="list-style-type: none"> • Expón os contidos e presenta o material e os recursos a empregar • Orienta ao alumnado na cumprimentación dos modelos de documentos da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe e procesa información • Cumprimenta diversos modelos de documentos administrativos da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> • Solución aos casos prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 - Casos prácticos 	4,0
TOTAL						16,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios mínimos son os que a continuación se relacionan:

- o CA1.4 - Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector profesional do título de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
- o CA1.7 - Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da industria alimentaria, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
- o CA2.3 - Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- o CA2.5 - Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa da industria alimentaria en función da súa posible localización.
- o CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- o CA2.12 - Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- o CA3.2 - Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.



- o CA3.4 - Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- o CA3.5 - Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- o CA3.6 - Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- o CA3.9 - Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- o CA4.1 - Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- o CA4.2 - Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
- o CA4.4 - Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e mediana empresa.
- o CA4.5 - Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O módulo consta de catro resultados de aprendizaxe que terán o seguinte peso:

- o RA1: 15%
- o RA2: 40%
- o RA3: 10%
- o RA4: 35%

CUALIFICACIÓN EN CADA AVALIACIÓN:

-As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos.

-A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10,

- En ningún caso, o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais, dado que éstas teñen carácter eliminatorio.

-Para que o alumnado acade o aprobado deberá obter un mínimo de 5 puntos.

-A calificación en cada unha das avaliacións legalmente establecidas obterase aplicando a seguinte ponderación:

Primeira avaliación:

- 10% corresponde a tarefas realizadas na clase. Consistirán en exercicios/supostos prácticos/busca de información que permita ao alumnado a asimilación dos contidos das unidades.
- 30% corresponde a elaboración dun plan de empresa do sector profesional.



- 60% corresponde ao exame de avaliación que consistirá nunha/s proba/s escrita/s de carácter teórico/práctico sobre os contidos das unidades vistas na avaliación.

Segunda avaliación:

- 5% corresponde a tarefas realizadas na clase. Consistirán en exercicios/supostos prácticos/busca de información que permita ao alumnado a asimilación dos contidos das unidades.
- 40% corresponde a elaboración dun plan de empresa do sector profesional.
- 55% corresponde ao exame de avaliación que consistirá nunha/s proba/s escrita/s de carácter teórico/práctico sobre os contidos das unidades vistas na avaliación.

Á hora de cualificar as tarefas plantexadas na clase ao alumnado e aplicar a porcentaxe correspondente de cada avaliación, esíxese a súa realización no aula (excepto cando o profesor propoña a súa elaboración fóra das horas lectivas ou por falta xustificada do alumnado) e entrega destas no prazo establecido. A súa posterior entrega sen xustificación, supoñerá a revisión e corrección, no seu caso, pero non serán puntuadas a efectos de avaliación.

Nos exames de avaliación, a valoración de cada unha das cuestións ou casos prácticos indícase por escrito a continuación do enunciado correspondente, coa finalidade de que o alumnado teña coñecemento da puntuación asignada a cada unha delas dentro do cómputo global da proba escrita.

A suma de A + B +C será a nota de avaliación. De obter números decimais, redondearase ata o número enteiro superior se o decimal e igual ou superior a 5, no caso contrario desprezarase. Non procederase a redondeo superior se a cualificación da avaliación e inferior a 5.

-O alumnado con avaliacións suspensas poderá recuperar as partes non superadas nunha proba escrita a realizar ao inicio da seguinte avaliación.

AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO:

A cualificación na avaliación final será a media das cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación, tendo en conta o peso das unidades didácticas no total do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado con avaliacións suspensas poderá recuperar ao comezo da seguinte avaliación. Deberase presentar a unha proba escrita de recuperación onde será avaliado daquelas partes non superadas e/ou entregar a parte correspondente do plan de empresa. O profesor facilitará tarefas de reforzo ao alumno e resolverá as dúbidas concretas que lle poidan suscitar.

O alumnado que suspenda o módulo no mes de marzo terá dereito a actividades de recuperación no terceiro trimestre, fixadas no horario de acordo con xefatura de estudos. Neste período o alumnado asistirá a

clase, terá que elaborar un plan de empresa e superar unha/s proba/s escrita/s de carácter teórico-práctico dos contidos non superados. Sendo de aplicación as ponderacións establecidas na segunda avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua por acumular un número de faltas non xustificadas, igual ou superior ao 10% das horas totais do módulo, deberá realizar unha proba extraordinaria nas datas fixadas por xefatura de estudos. Consistirá nunha proba escrita que poderá incluír parte teórica e práctica e deberase obter un mínimo de 5 puntos para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase na aplicación da Consellería de Educación segundo o modelo de sistema de xestión da calidade implantado no centro. No caso de que existan desviacións na mesma, especificaranse as causas e propostas de mellora.

En relación a avaliación da propia práctica docente, ao longo do curso entregaráselle ao alumnado unha enquisa de avaliación das actividades na aula. Anónimamente valoraránse determinados aspectos da práctica docente (metodoloxía, actividades, probas de avaliación, recursos empregados)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial efectuarase mediante un cuestionario sinxelo que o alumnado deberá cumplimentar e entregar. Recollerá dous aspectos básicos: por un lado, datos persoais e laborais que poidan ser de interese, e en segundo lugar detectar os coñecementos previos que teñen sobre o módulo e os contidos obxecto do seu estudo. Ademais, desenvolverase unha charla grupal na aula co conxunto do alumnado, para obter unha maior información.

Adoptaranse as medidas acordadas polo equipo docente do Ciclo Formativo e o Departamento de Orientación tras a sesión de avaliación inicial do Ciclo formativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, exporase na reunión do equipo docente do ciclo, a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional do centro:

- Fomentar o uso da lingua galega
- Promover a igualdade de xénero en todas as accións levadas a cabo no módulo
- Identificar aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas
- Fomentar o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando a comunicación
- Resaltar a importancia do benestar físico, psíquico, social e ambiental
- Fomentar a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando posibles prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferencias de tipo social e rexeitando claquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenza e outras características individuais
- Concienciar ao alumnado da necesidade dun desenvolvemento sostible e dun consumo responsable e baseado na redución, reciclaxe e reutilización.
- Desenvolver un espírito crítico, analizando a información obtida a través dos medios audiovisuais, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Actividades propostas pola coordinación de emprendemento
- Actividades propostas polo departamento de Formación e orientación laboral



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

--